

PRÁCTICA III: edición de artigos na Wikipedia

Obxectivos	Contido
Editar un artigo existente na Wikipedia sobre o patrimonio cultural, histórico e etnográfico da Costa da Morte.	1. Sobre a edición de artigos. 2. Buño 3. As Sisargas

Enunciado

Edición de artigos

Antes de empezar a editar un artigo na Wikipedia, hai tres regras básicas que calquera colaborador debe ter en conta:

- **A túa contribución debe ser orixinal.** Se cortas e pegas texto dende outro sitio web, ou copias directamente dun periódico, revista, libro, canción, película, televisión, cómic, etc. estarás violando o copyright. Ese contido borrarase da Wikipedia tan pronto como se detecte e os ficheiros históricos revelarán ao resto de wikipedistas quen foi o responsable desa copia.
- **Escribe cun enfoque obxectivo e neutral.** A Wikipedia non é unha tribuna improvisada. O obxectivo é crear material de referencia para todo o mundo. Se o que queres é transmitir unha idea propia probablemente deberías pensar en crear un wiki propio.
- **Usa referencias.** Se unha entrada non contén citas e referencias externas un lector non poderá contrastar esa información.

Outra cousa que debemos facer e seguir unha certa metodoloxía ou estratexia, é dicir, antes de editar o primeiro é pensar o que se quere facer con ese artigo.

Se a entrada non existe podemos creala. Neste caso a fase previa á edición é importante. Haberá que recopilar algo de información, consultar outras fontes, pensar, planificar e reflexionar.

Se a entrada xa existe temos varias posibilidades de colaboración:

- Buscar erros conceptuais, ortográficos, etc. e corríxilos.
- Tentar ampliar a entrada con información propia.
- Traducir esa entrada a outro idioma (castelán, ao galego ou a calquera outro).
- Aportar material gráfico como fotos, figuras, etc. (ollo cos dereitos de autor), tal e como vimos na práctica anterior.



Suxestión:

É importante dar información detallada sobre o ficheiro que se suba empregando o seguinte código (podes copialo e pegalo no campo descrición da imaxe e cumprimentalo despois):

```
{{Information
|Description=
|Source=
|Date=
|Author=
|Permission=
|other_versions=
}}
```

- **Descrición (Description) do contido.** O ficheiro debe ter un nome descritivo e conciso, sen caracteres especiais.
- **Orixe (Source) da imaxe.** Pode ser unha ligazón á páxina web da que procede, indicar unha autoría propia (as obras derivadas manteñen os dereitos de autor dos orixinais), citar detalladamente unha obra,...
- **Data (Date) da creación.** Se é descoñecida, colocase a da publicación.
- **Licenza (Permission).** Hai que seleccionar a licenza apropiada na caixa despregable de licenzas ou engadir a mesma ao resumo da imaxe.
- **Opcional:** Outras versións (other_versions) dispoñibles, se as hai, coas súas correspondentes ligazóns internas.

Buño

O primeiro que imos facer é buscar información sobre algún aspecto característico da Costa da Morte. Como exemplo usaremos a entrada correspondente a Buño pero, por suposto, podedes pensar en calquera outra entrada e ampliála ou creala se non existe.

Calquera cousa que se vos ocorra relacionada co patrimonio cultural, histórico ou etnográfico da Costa da Morte serve. Algunhas colaboracións interesantes poden ser as seguintes:

- ✓ Evolución da poboación de Buño nos últimos anos
- ✓ Xeografía de Buño
- ✓ Historia de Buño
- ✓ Lugares de interese
- ✓ Galería de imaxes
- ✓ Personaxes de sona
- ✓ Festas gastronómicas, etc.

As Sisargas

Neste caso hai que facer o mesmo que no anterior pero sobre esta entrada da Wikipedia.

Na Wikipedia ou na Galipedia, introduce na caixa de busca o termo Sisargas. Aparecerá unha entrada cun artigo sobre ese tema. Podes ampliar o artigo, por exemplo, se sabes o tipo de flora que hai nas illas (toxos, herba de namorar, etc.), incluíndo algunha imaxe, etc.



Suxestión:

Se non se che ocorre nada proba a buscar outras entradas na Wikipedia sobre arquipélagos, illas e demais para ver que tipo de información se reflicte nelas.